

BANDO MUNICIPAL DO ENTROIDO 2011

Recupérase a tradición do anterior Alcalde de facer un Bando Municipal do Entroido, que debe ser lido ao tempo que se escoitan as bandas sonoras das películas que se indican. Nel se reflicte o por que do reparto das competencias do Goberno Municipal.

Jose Cacabelos (*O golpe*). Como responsable da Corporación Municipal, e “compañeiro” de Zapatero, amosa outro talante nas relacións cos estamentos e colectivos cos que ten que traballar. Dentro da Casa do Concello hai unha gaiola de grilos coa que ten que lidar tódolos días e que desgraciadamente non lle deixa tempo para atender os temas importantes dos que realmente debería ocuparse. Pero moi pronto, seguro que antes das eleccións, todo se vai solucionar.

Jorge Olleros (*Só ante o perigo*). Debido á súa experiencia na hostalería foi nomeado Concelleiro de Turismo, pero a Oposición empéñase en dicir que non fai nada de nada e que o éxito das últimas edicións da Festa do Marisco se deben ao prestixio e tirón que esta ten e non á súa nula xestión. Enténdese á perfección cos distintos colectivos cos que traballa: Asociación de Hostalería, EMGROBES, Consello Sectorial de Turismo, etc., que sempre falan ben del.

Ángeles Domínguez (*Alicia no país das maravillas*). A desfeita na que colleu a Concellaría de Vías e Obras fai que o seu traballo non se note por ningunha parte, pois raro é o día no que non rompe algunha tubaría ou hai algunha incidencia. As inundacións van a máis e cada vez afectan a máis veciños, pero non por culpa dela. O verdadeiro culpable é o anterior Alcalde que reza para que cada vez chova máis e haxa máis buratos e problemas nas nosas rúas.

Noemí Outeda (*A mala educación*). Demostrou seu bo facer no complexo tema dos festexos (quen o dubide que llo pregunte, entre outros, aos membros da Confraría dos Dolores). Mesmo foi quen de organizar un magosto na semana das Letras Galegas e de declarar que á Festa dos Maios había que darlle outro enfoque (seguramente porque as edicións que ela organizou saíron algo distorsionadas). Non hai palabras para describir o seu labor no eido da educación.

Carlos Álvarez (*Piratas do Caribe*). Din que para facer o que fai non debería cobrar nada de nada. Pero se non lle pagamos ¿quen se vai encargar de viaxar coas nosas mulleres e de bailar cos nosos xubilados? Non quixo facerse cargo da Concellaría de Urbanismo porque xa lle chega co moito traballo que ten que atender. A Oposición di que é un inepto e que anda todo o día de bar en bar, pero a pesar diso mesmo chegan a recoñecer que fai unhas maquetas moi bonitas.

Antón Mascato (*Memorias de África*). Hai que recoñecer que ten moitas, pero unha das súas maiores calidades é a gran “memoria” que ten, sobre todo para determinados asuntos. Todo o mundo sabe que é un gran coñecedor dos temas “históricos” e culturais, e a pesar de que ten certos “problemiñas” cos asuntos relacionados coa relixión, está a piques de solucionar o tema do Auditorio (a pesar do pouco interese que amosan os seus compañeiros do Grupo de Goberno).

Vitoria Canoura (*A lei do silencio*). Só por ter organizado o caos do mercado ambulante dos venres “ten o ceo máis que gañado”, e mesmo é quen de levarse ben, e de estar a piques de chegar a entenderse, coas peixeiras da Asociación da Praza de Abastos e as Colareiras. A Oposición con ela non se mete porque sabe que fai un traballo calado e ben feito. Hai quen chegou a dicir dela que era o futuro cartel electoral do BNG e dende logo iríalles mellor que con “Carlitos”.

Fredi Bea (*James Bond*). Foi nomeado para resolver os problemas que tiña o noso Concello nos temas da seguridade cidadá e limpeza. Chega a tal extremo a súa implicación que mesmo é quen de multar a un can por facer as súas necesidades na rúa ou de meterse nun contedor para descubrir quen botou o lixo fora de hora. Os que din que cobra do Concello recoñecen que el, cando menos, fai algo “non como outros”. Felipe, no tema deportivo, teno “deprimido”.

Xan Lamelas (*Os caza-fantasmas*). Din que fixo un bo traballo, pero que está obsesionado con certos fantasmas doutros tempos que mesmo lle fan “descolgarse” de certos asuntos. Os problemas que tivo debido á súa presunta incapacidade na xestión das súas competencias solucionáronse grazas á discreta intervención pública dun compañeiro de Corporación. Certos “elementos” din que non fixo nada de proveito. Moita xente pensa que ten máis futuro como DJ que como político.

O Grupo Municipal do Partido Popular (*Os sete magníficos*). Con eles tentouse chegar a todo tipo de acordos, pero foi imposible acadar ningún tipo de consenso. Debido a certos “problemiñas” que o Grupo de Goberno ten coa Deputación Provincial, foron nomeados responsables dos “intereses” do Señor Louzán no noso territorio e abofé que están a facer un moi bo traballo.

Aida Filgueira (*A rapaza de vermello*). Pola súa arte e bo gusto no vestir tiña reservada a Concellaría de Moda e Arte pero, como non se deu chegada a ningún acordo, o tema quedou pendente para outra mellor ocasión. Tamén se pensou nela para que se ocupase das relacións públicas entre os distintos grupos da Corporación Municipal, pero tampouco se chegou a concretar nada. Iso que as distintas conversas que houbo con ela se fixeron con outro talante.

O Grove, 2 de Marzo de 2011

Asdo. José Antonio Cacabelos Rico
Alcalde do Ilmo. Concello do Grove

